

**AXUDAS PARA MÁSTER UNIVERSITARIO OFICIAL DESTINADAS A
TITULADOS/AS UNIVERSITARIOS/AS EN DESEMPREGO (ED421A)
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

Obxecto

Axudar a financiar os gastos derivados da matrícula nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia no curso 2021/22.

Requisitos dos/das solicitantes

- a. Estar en situación de desemprego na data de publicación desta orde.
- b. Ter rematados os estudos universitarios que lle dan acceso aos estudos do máster universitario con anterioridade ao 30 de xullo de 2020.
- c. Estar matriculado/a no curso académico 2020/21 nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia, dun mínimo de 60 créditos recoñecidos, validados ou adaptados.
- d. Non estar incluídas nos casos de beneficios e exención total de matrícula previstos nos artigos 11 e 12 do Decreto 103/2021, do 1 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2021/22 (DOG núm. 132, do 13 de xullo).
- e. Non ter gozado desta axuda en convocatorias anteriores.

Contía da axuda

- Cubrirá o importe correspondente a 60 créditos de primeira matrícula do máster universitario segundo os prezos públicos establecidos no anexo Decreto 103/2021, do 1 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2021/22.
- A axuda só alcanzará para a realización dun único máster universitario.
- Quedan excluídas do importe da axuda as exencións e bonificacións do pagamento das taxas a que tiver dereito o/a beneficiario/a.

Lugar de presentación

Obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado **ED421A** dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Prazo de presentación

Ata o 28 de outubro de 2021

Normativa

[Orde do 15 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas destinadas a persoas tituladas universitarias en situación de desemprego para a matrícula nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do Sistema universitario de Galicia no curso académico 2021/22 \(DOG nº 187 do 28/09/2021\)](#)